

## CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

*Edicto.*

*R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.*, como empresa adxudicataria da *Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia*, solicitou licenza municipal de actividade para estación base para rede de telecomunicacións sen fíos de banda larga, que se situará na rúa Carbón, s/n; polígono industrial de Bamio-polígono 5, parcela 39. En cumprimento do disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no Departamento de Actividades Clasificadas do concello e formular as alegacións que consideren pertinentes.

Vilagarcía de Arousa, 22 de setembro de 2009.

M<sup>a</sup> Dolores García Giménez  
Alcaldesa-presidenta

## CONCELLO DE VILALBA

*Anuncio de contrato de obras.*

1. Entidade adxudicadora: Concello de Vilalba.
2. Obxecto do contrato: execución da obra de mellora e acondicionamento do soto da praza da Constitución como zona de aparcadoiro, en Vilalba.
3. Orzamento base de licitación: 300.000 €, IVE incluído (258.620,69+15% de IVE 41.379,31=300.00 €).
4. Garantía provisional: non.
5. Garantía definitiva: 5% do orzamento de adxudicación, sen inclusión do IVE.
6. Información: Secretaría do Concello de Vilalba.
7. Documentación que hai que presentar: a especificada no prego de cláusulas administrativas.
8. Clasificación:  
Grupo B, subgrupo 2, categoría b.  
Grupo C, subgrupo 4, categoría b.  
Grupo G, subgrupo 4, categoría d.
9. Presentación de ofertas: trece días (13 días naturais) desde a última publicación no BOP ou no DOG.
10. Lugar de presentación: no Rexistro Xeral do Concello ou por correo.

11. Gastos dos anuncios: por conta do adxudicatario.

12. Texto íntegro deste anuncio: publícase no BOP.

Vilalba, 15 de outubro de 2009.

Gerardo Criado Guizán  
Alcalde

## e) OUTROS ANUNCIOS

### FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

*Anuncio de contratación de servizos para feiras e certames 2010.*

Anúnciase a contratación de servizos para feiras no recinto feiral da fundación, en Silleda (Pontevedra), durante o ano 2010, que seguidamente se relacionan, a teor das follas de especificacións, dos pregos de condicións e dos pregos de prescricións técnicas formulados por esta fundación, que poderán ser examinadas polas persoas e empresas interesadas na páxina web [www.feiragalicia.com](http://www.feiragalicia.com) ou directamente na sede administrativa no recinto feiral, en Silleda (Pontevedra). As proposicións dos interesados, axustadas ás ditas especificacións e pregos, poderán presentarse na sede da fundación, dentro do prazo máximo de quince días naturais seguintes á publicación deste anuncio.

Os servizos que se van contratar son os seguintes:

-Referencia: 6006/2010-01: montaxe de stands, moqueta, tarima, carpas, mobiliario, complementos e prestación de servizos accesorios. Orzamento máximo de licitación: 250.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6006/2010-02: servizo de seguridade xeral do recinto feiral e particular para cada certame feiral e congresual. Orzamento máximo de licitación: 275.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6006/2010-03: servizo de limpeza xeral e recollida de RSU. Orzamento máximo de licitación: 150.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6000/2010-04: servizo de limpeza de oficinas e insalacións empregadas polos traballadores da *Fundación Semana Verde de Galicia*. Orzamento máximo de licitación: 36.500 euros máis IVE.

Silleda, 14 de outubro de 2009.

Paloma Hidalgo López  
Directora xeral da *Fundación Semana Verde de Galicia*